



**O CONCELLO DE NIGRÁN RENOVA A TOTALIDADE DAS MARQUESINAS DO MUNICIPIO POR PRETO DE 25.000 EUROS**

**Instaláronse tres novas en carpintería de madeira e estase a substituir o panel traseiro das dez que máis actos vandálicos rexistran**

**"Xa se empezaron a reparar na Ramallosa e cara a finais de mes non quedará ningunha con danos ou sen paneis", sinala o alcalde, Juan González.**

**Nigrán, 05/10/16.-** O Concello de Nigrán renovará ao longo do mes a totalidade de marquesinas do municipio cunha inversión de 24.830 euros. Por unha banda, dende o Concello xa se instalaron nos últimos meses tres novas de carpintería de madeira nos puntos máis demandados pola veciñanza e onde non existía ningunha: en Navás (Priegue), A Ramallosa (xunto a Praza de abastos) e en Praia América (na estrada pola vía). Por outra banda, foi repostada a marquesina de Camos, ubicada ao lado do Pazo da Touza e que se atopaba en estado deficiente tras impactar un coche contra ela.

As novas adquisicións supoñen un montante de 20.430 euros, o resto do orzamento, de 4.400 euros, está sendo empregado para reparacións ou reposicións. Así, nas dez que máis actos vandálicos sofren xa se comezou a substituír o panel traseiro de vidro por policarbonato celular de 8 milímetros, un material especialmente resistente aos golpes (a súa vez, os paneis de vidro que estén en perfecto estado se reutilizarán no resto das marquesinas que o precisen).

"Somos conscientes de que moitas delas se atopan en mal estado e por iso acometemos esta reparación ou substitución, de feito, instalamos tres novas da máxima calidade en puntos onde non existían pese a demanda da veciñanza. Xa se empezaron a reparar e de cara a finais de mes non quedará ningunha con danos ou sen paneis", sinala o alcalde, Juan González.